

**REPRESENTACIÓN DE COGOMELOS NA ARTE SACRA IBÉRICA:
VILAFRANCA DO BIERZO (LEÓN, ESPAÑA)**

por

M. CASTRO*

CASTRO, M. 2013. Representación de cogomelos na arte sacra ibérica: Vilafranca do Bierzo (León, España). *Mykes* 16: 71-80.

RESUMO

No Bierzo, como en case toda a Península Ibérica existe unha micofobia ancestral; sen embargo nalgunhas igrexas e lugares de culto de Vilafranca obsérvanse cogomelos e/ou árbores-fungo, que podería ser resquicio de antigos cultos que usaban fungos psicotrópicos.

Palabras clave: Bierzo, España, etnomicoloxía, micofobia, árbores-fungo, psicotrópico.

CASTRO, M. 2013. Representation of fungi in Iberian sacred art: Vilafranca do Bierzo (Leon, Spain). *Mykes* 16: 71-80.

SUMMARY

In the region of Bierzo, as in almost all of the Iberian Peninsula, an ancestral mycophobia is present. Despite that, we have found in some churches and religious places, some mushrooms or mushroom-trees, that could be the remainings of ancient cults which used magic mushrooms.

Key words: Bierzo, Spain, ethnomycology, mycophobia, mushroom-trees, psychotropic.

INTRODUCCIÓN

As manifestación da espiritualidade expresada nas prácticas “relixiosas” das idades de Pedra e de Bronce influíron claramente noutras relixións posteriores como a védica, a grega e a romana, entre outras, coexistindo representacións iconográficas ou rituais de ambas e incluso mesturándose.

* Laboratorio de Micoloxía. Facultade de Bioloxía. Campus As Lagoas-Marcosende. Universidade de Vigo. E-36310-Vigo. e-mail: lcastro@uvigo.es



Fig. 1. Fresco de Plaincourault, árbore do «Ben e do Mal»

outras pagáns, ás veces camufladas, como ocorre cos cogomelos enteóxenos que permiten o contacto con mundos descoñecidos.

Isto ocorreu tanto en América como Europa ou Asia, un exemplo fácil de observar, aparece nas fotografías dalgunha das sesións chamánicas entre Gordon Wasson e Maria Sabina, na que se mostran imaxes de San Xoán Bautista e do Neno Xesús de Atocha decorando as paredes do recinto onde se consomen os enteóxenos (WASSON, 1957; CASTRO, 2012). O uso de psicotrópicos en sesións deste tipo foron menospreciados primeiro, e prohibidos despois, pola Igrexa Católica desde a conquista de América por parte dos españois (CASTRO et FREIRE, 1982).

Unha extraordinaria recompilación de imaxes relixiosas con cogomelos foi feita polo investigador italiano e etnomicólogo, Gianluca Toro (2009). Aínda que faltan moitas, recolle nada menos que 135 representacións relixiosas relativas ao cristianismo europeo, nas que, dunha ou outra maneira, aparecen representados árbores-cogomelo ou cogomelos individualizados.

A representación máis coñecida é a de Plaincourault (Berry, Francia), na que aparece Adán e Eva con unha destas árbores, rodeada por unha serpente que ofrece unha mazá á muller [fig.1]; pero tamén son moi representativas as pinturas de Nohant-Vic (Indre, Francia), onde destaca

De todos é sabido que ao longo da historia a relixión oficial do grupo dominante intentou sempre eclipsar e/ou prohibir as anteriores, de aí que nunha relixión monoteísta como a católica, que cree nun Deus creador e lexislador, que prohibe a contemplación da súa divindade, excepto ás persoas elixidas por El e no momento en que quere facelo (GONZÁLEZ CELDRÁN, 2002) non sorprende a superposición de representacións cristiás, con

a entrada de Xesús en Xerusalén na que é recibido con un ramo de cogomelos [fig. 2].



Fig. 2. Fresco de Vic, entrada de Xesús en Xerusalén

Especialmente interesante resulta a miniatura alegórica ao mes de marzo, do século XII, pertencente ao tesouro da Igrexa de St. Godehard (Baixa Saxonia, Alemaña), na que aparece un home de certa idade no medio, con un cetro formado por

tres cogomelos dispostos en forma de cruz e, pousada sobre eles, unha pomba [fig. 3]. Será que esta alegoría pretende representar a Trindade?

Nun dos baixo relevos exteriores da catedral de San Estebo (Stephansdom, Austria) que representa a oración de Xesús en Getsemaní tamén se poden ver varias árbores cogomelo [fig. 4].

Son bastantes os investigadores en antroploxía e etnomicoloxía que defenden a relación destas figuracións de cogomelos con prácticas “relixiosas” ou “sagradas”, a micolatría (WASSON, 1961; CASTRO et FREIRE, 1982; WASSON et al., 1986; SAMORINI, 2001; COSTA LAGO, 2011, entre outros). De feito, o nome de “teonanacatl” (carne de deus) dado en México a diversas especies enteóxenas de *Psilocybe* conduce a pensalo así. Mediante a súa inxestión o home contactaba con “outros mundos” e deuses, o que conduciu á persecución dos consumidores de enteóxenos (fungos ou plantas) por parte do clero dominante, especialmente os tribunais da Inquisición.

Tamén parece probado que o fungo máis amplamente utilizado con este fin tanto en



Fig. 3. Mes de marzo
(tesouro de São Godehard)




Fig. 4. Catedral de Stephansdom (Viena)

Europa como en Asia foi o brincabois ou *Amanita muscaria* (SAMORINI, 1995; WASSON et al., 1986) e inclusive en América, antes do uso dos *Psilocybe*, foi utilizado este cogomelo psicotrópico (LOWY, 1974; CASTRO, 2013).

Cogomelos na arte sacra de Vilafranca

Vilafranca do Bierzo, localidade de referencia na parte española do Camiño Xacobeo Francés, sitúase na parte occidental da Comunidade de Castela e León, na confluencia dos ríos Burbia e Valcarce, próxima a Galicia. Alcanzou importancia ao comezar as peregrinacións a Compostela, despois de descubrir o corpo do apóstolo Santiago a principios do século IX (ano 813), porque ao longo do camiño algúns núcleos de poboación construíron albergarías e hospitais para socorrer aos peregrinos.

É unha vila ben conservada, na que se atopa un dos mellores conxuntos artísticos do noroeste ibérico. Destacan a Colexiata de Santa

María, a igrexa de San Nicolás (ou dos Padres Paúles); o convento da Anunciada (Clarisas), as igrexas de San Francisco e de Santiago. Algún destes edificios relixiosos alcanzaron certos privilexios na ruta compostelá, como o de concederse indulxencias plenas na igrexa de Santiago a todos os peregrinos que, por motivos graves, non puideran continuar ata a catedral de Compostela. Non se debe esquecer que Vilafranca é antesala do val do Valcarce, subida difícil de superar antes de alcanzar o Cebreiro, e que permite continuar o camiño ata a tumba do apóstolo.

Antes de comezar a buscar representacións de cogomelos nesta localidade é importante recordar:

A defensa feita por diversos investigadores de que a tumba que aparece en Compostela pode corresponder a Prisciliano de Ávila e as primeiras peregrinacións puideron ser feitas por parte de seguidores deste bispo e non do Apóstolo Santiago como defende a Igrexa oficial (MONTENEGRO RÚA *et al.*, 2008).

Prisciliano, bispo de Ávila (340-385), foi axustizado en Tréveris (hoxe Trier, Alemaña) e tanto el como os seus seguidores, acusados de gnósticos, de practicar maxia, de facer reunións nocturnas onde danzaban conxuntamente homes e mulleres (CHADWICH, 1978). Foron perseguidos por maniqueos, ata polo menos o século VI, e segundo San Agostiño eran desprezables porque consumían cogomelos, arroz, trufas, torta, xarope, pementa,... (CASTRO *et FREIRE*, 1982). Todas estas persecucións absurdas, que duraron até ben entrado o medievo, probablemente son responsables da micofobia estendida polo noroeste ibérico, relixión de forte influencia priscilianista (CASTRO, 2004, 2013).

Por outro lado, os tabús relixiosos son difíciles de combater, máis que as prohibicións por leis civís (LÉVI-STRAUSS, 1962); polo tanto é habitual que os seguidores de ideas prohibidas tendan a deixar constancia delas en gravados e pinturas onde poden pasar, máis ou menos, inadvertidas (TORO, 2009).

No Bierzo, como en case toda a Península Ibérica existe unha micofobia ancestral (GARCÍA ROLLÁN, 1989), aínda que o único dato antigo, que coñecemos, refírese a unha información deixada polo Padre Doménico Laffi, peregrino en 1670, que se perdeu durante varios días

polos montes de León e sobreviviu cos cogomelos que apañou, “sorprendido por ver tantos de boa calidade e constatar que as persoas da comarca non os apañaban a pesar de ser pobres e non ter moito que comer” (RUÍZ DE LA TORRE, 1999). Probablemente a influencia da persecución aos priscilianistas nesta rexión pertencente a antiga Gallaecia, tamén terá algo que ver.

Estas son as razóns polas que se decidiu visitar as igrexas e lugares de culto de Vilafranca do Bierzo buscando representacións de cogomelos. De momento só se observaron en tres: Colexiata de Santa María, igrexa de San Nicolás e Convento da Anunciada.



Fig. 5. Colexiata de Santa María

A igrexa da Colexiata de Santa María ten tres naves, a central máis ancha, onde destacan o Coro, barroco, e o Altar Maior, neoclásico, dedicado a Asunción da Virxe. No lado esquerdo da capela lateral, dedicada á Santísima Trindade (século XVI), entre os diversos motivos vexetais e animais do retablo obsérvase o que parece ser un pequeno cogomelo de pé amarelado con algunhas tonalidades verde azuladas e chapeu vermello, liso [fig. 5], o aspecto pode facer pensar no de *Amanita caesarea*, especie moi apreciada desde a época romana, aínda que sen anel, nen volva; polo que tamén pode tratarse dalgún *Hygrocybe*. Neste xénero hai especies, como *H. psittacina*, que poden ter propiedades psicotrópicas debido á presenza de alcaloides tipo triptamina (SERAL BOZAL, on-line). Poderá esta imaxen vilafranquiana representar algún dos morfotipos alaranxados de *H. psittacina*, especie que pode presentar tonalidades cor turquesa ou verde azuladas?




Fig. 6. San Xoaquín e Santa Ana (igrexia San Nicolás)

Na igrexa de San Nicolás (ou dos Padres Paúles) custódíase a imaxe do patrón de Vilafranca, o Cristo da Esperanza sobre un retablo en madeira sen dourar (século XVII). Na parte máis baixa, a ambos lados sitúanse dúas imaxes que representan a San Xoaquín e Santa Ana. Aparece en primeiro plano a imaxe de cada un dos pais da Virxe; pero detrás de cada figura hai unha árbore coas ramas redondeadas, verdes, punteadas de vermello, como se pequenas cereixas ou érbedos naceran esparcidos entre elas [fig. 6].

Resulta curioso que na base das árbores grandes se atope outra máis pequena, que vista de lonxe recorda o aspecto dun cogomelo micorrízico; pero de preto, presenta morfoloxía semellante á das ramas, verde con puntos vermellos. Este morfotipo de árbores-cogomelo é moi frecuente en toda a arte sacra europea (SAMORINI, 2001; TORO, 2009; CASTRO, 2013) e parece ter unha clara relación co “culto” a estes organismos (micolatría), ademais a *Amanita muscaria*, enteógeno por excelencia, é micorrízico de numerosas especies arbóreas tanto coníferas como de folla plana, perennes ou caducas.



Fig. 7. Detalle do cadro de Paul Bril, Dídimos o Cego.

E, por último (de momento), no convento da Anunciada (Clarisas) consérvase unha magnífica colección de cadros de pintura flamenca, aos que se lles coñece como “Os Ermitaños”. Desde o punto de vista relixioso son cadros un tanto “atrevidos” porque neles aparecen representadas, ademais das figuras centrais, paisaxes, cores vermellas, pequenas construcións, ... o que non era habitual nos encargos que se facían para a Igrexa Católica durante o século XII.

Se observamos o cadro de Paul Bril, coñecido como Dídimo o Cego, curiosamente o relixioso está lendo un libro, obsérvase na parte inferior esquerda, entre unhas vellas cepas caídas, un exemplar de *Amanita muscaria*, vermella e con pintas brancas no chapeu [fig. 7]. De todos é sabido que este cogomelo foi “demonizado” pola igrexa oficial desde tempos antigos ata ben avanzado o século XX (CASTRO, 2004).

É posible que unha análise máis exhaustiva permita identificar máis representacións destes organismos entre os numerosos relevos dos altares e igrexas vilafranquianas. Máis complicado será comprobar e/ou corroborar a razón pola que foron postos aí: estética? culto? casualidade?...

AGRADECEMENTOS

A Cristina Dapía Neira, guía oficial de Turismo de Castela e León, que con tanto cariño e sabedoría nos guiou por Vilafranca durante a visita que realizamos os participantes do curso sobre Patrimonio Natural e Cultural do Bierzo (III). Aos amigos da Asociación Cultural BURBAL, especialmente a Josefina Garrido e Jose Figueroa por invitarme a descubrir este lugar máxico.

BIBLIOGRAFÍA

- CASTRO, M. 2004. *Cogomelos de Galicia e Norte de Portugal*. Xerais Edicións. Vigo.
- CASTRO, M. 2012. Etnomicoloxía galega: A Igrexa de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo, España). *Mykes* 14: 113-131. [2011]
- CASTRO, M. 2013. Os cogomelos na génese das culturas: Noroeste Ibérico. *Brigantia* 28 (en prensa).
- CASTRO, M. et FREIRE, L. 1982. *Guía das setas ou cogomelos comestibles de Galicia*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo.
- CHADWICK, H. 1978. *Prisciliano de Ávila*. Espasa Calpe. Madrid.

- COSTA LAGO, J.M. 2011. Usos rituales In MARCOTE, J.M.C., POSE, M. et TRABA, J.M. 500 Setas del Litoral Atlántico y Noroeste Peninsular: 29-39. Ed. Cumio. Ponte Caldelas (Po).
- GARCÍA ROLLÁN, M. 1989. La consommation des champignons en Espagne Péninsulaire (milieu rural). *Bull. Trimestriel Soc. Mycol. France* 105(3): 207-226.
- GONZÁLEZ CELDRÁN, J.A. 2002. *Hombres, dioses y hongos*. Edaf Ensayo. Madrid.
- LÉVI-STRAUSS, C. 1962. *La pensée sauvage*. Librairie Plon. Paris.
- LOWY, B. 1974. *Amanita muscaria* and the thunderbolt legend in Guatemala and Mexico. *Mycologia* 66(1): 188-191.
- MONTENEGRO RÚA, E.J., BLANCO-ROTEA, R., BENAVIDES, R. et PORTELA, C. 2008. *Santa Eulalia de Bóveda*. Xunta de Galicia. Santiago.
- RUÍZ DE LA TORRE, J. (dir.) 1999. *La cubierta vegetal en el Camino de Santiago*. Ministerio de Medio Ambiente. Madrid.
- SAMORINI, G. 1995. *Gli allucinogeni nel mito*. Nautilus. Roma.
- SAMORINI, G. 2001. *Fungi allucinogeni. Studi etnomicologici*. Telesterion. Doza (BO).
- SERAL BOZAL, I. [on-line] Hongos visionarios en la Península Ibérica. [consultado: 17-VII-2013]. Disponible na web:
<http://www.iceers.org/Documents_ICEERS_site/Books/Libro_Psilocibes_VII.pdf>
- TORO, G. 2009. *Alberi-fungo e funghi nell'arte cristiana*. Mamatèra. Pinerolo (TO).
- WASSON, R.G. 1957. Seeking the Magic Mushroom. *Life magazine*, 13-May. [consultado: marzo 2013]. Disponible na web:
<www.imaginaría.org/wasson/ligé.htm>
- WASSON, R.G. 1961. The hallucinogenic fungi of Mexico: an inquiry into the origins of the religious idea among primitive peoples. *Bot. Mus. Leaflet. Harvard Univ.* 19(7): 137-162.
- WASSON, R.G., KRAMRISCH, S., OTT, J. et RUCK, C.A.P. 1986. *Persephone's Quest: Entheogens and the Origins of Religion*. Yale University press. New Haven.